

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ROSAL, O

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO MERCADO LOCAL.

Aprobación definitiva do Regulamento de funcionamento mercado local do concello do Rosal.

Elevado a definitivo por non terse presentado reclamacións no período de exposición pública, o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria que tivo lugar o día 25 de maio de 2016, polo que se aprobaba inicialmente o Regulamento de funcionamento do mercado local do Concello do Rosal, e, en cumprimento do disposto na normativa vixente, procédese á publicación do texto íntegro do Regulamento:

“REGULAMENTO FUNCIONAMENTO MERCADO LOCAL DO CONCELLO DO ROSAL

PRIMEIRO: FINALIDADE.

O presente Regulamento ten por obxecto a regulación da venda no mercado local de produtos de artesanía, hortícolas, florícolas e frutícolas producidos, elaborados ou cultivados no Rosal, previa autorización do Concello do Rosal.

SEGUNDO: PRODUTOS PERMITIDOS.

No mercado local poderase expor e vender os seguintes produtos:

Produtos primarios definidos no artigo 7 do Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios, e máis concretamente, mel, pole, prúpole, xelea real, ovos, froitas e froitos silvestre, legumes, hortalizas, cogumelos (nas condicións establecidas polo Real decreto 30/2009, do 16 de xaneiro polo que se establecen as condicións sanitarias para a comercialización de cogumelos para uso alimentario).

Produtos de artesanía; coiro, cristal, lá, etc.

Produtos florícolas.

A efectos do presente regulamento establécese como produto primario ó produto procedente da produción primaria da terra e da gandaría, excluída a caza, con destino á alimentación humana, e incluídos os cogumelos silvestres.



TERCEIRO: PARTICIPANTES.

Poderá expor ou vender no mercado local, no caso dos produtos primarios, as persoas titulares da explotación, parentes en primeiro grao que colaboran na actividade agraria ou empregados da explotación.

A autorización municipal dos postos no mercado local concederáse previa comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos para participar no mesmo e tamén das condicións esixidas pola regulación do produto para a súa venda.

CUARTO: SOLICITUDES.

As persoas interesadas na participación no mercado local deberán solicitalo por rexistro de entrada no concello aportando a seguinte documentación:

Fotocopia do DNI, indicación do produto a expor ou vender.

Prazo de tempo polo que solicita a autorización.

Declaración xurada de reunir todos os requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que son obxecto de venda e non realizar ningunha actividade con produtos prohibidos.

Declaración expresa na que o solicitante manifieste coñecer as normas.

Carné de manipulador de alimentos no caso de venda de produtos alimentarios.

Presentación do documento acreditativo de estar dado de alta no réxime correspondente seguridade social.

No caso de ser os vendedores estranxeiros, deberán dispoñer dos permisos de residencia e traballo que fosen exixibles.

No caso de persoas xurídicas deberán acreditar: CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.

QUINTO: LUGAR DE EXPOSICIÓN E VENDA.

O concello establece como zonas para o exercicio da venda na vía pública e espazos abertos a Praza do Calvario. No caso de chuva habilitarase un local anexo ó concello.

SEXTO: MÓDULOS DE EXPOSICIÓN E VENDA.

Os módulos instalados non poderán dificultar a circulación peonil ou de vehículos, terán unas dimensións máximas de 5m x 2m quedando prohibida a exposición de mercancías no chan.



SÉTIMO: PREVISIÓN DE POSTOS DO MERCADO.

O número de postos do mercado será de un mínimo de dez postos.

OITAVO: FRECUENCIA TEMPORAL DO MERCADO LOCAL.

O mercado terá unha periodicidade de celebración de entre quince días e un mes.

NOVENO: PAGAMENTO DA TAXA.

A taxa de cada posto será a establecida na ordenanza reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.

Os postos serán autorizados por día e deberá realizarse o pagamento da taxa con anterioridade o inicio da actividade.

DÉCIMO: LIMPEZA.

A limpeza dos postos será levada a cabo polos titulares dos mesmos o finalizar o mercado local, debendo conservar a zona autorizada en adecuadas condicións de hixiene.

UNDÉCIMO: DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor aos quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, tal e como se regula nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.”

O Alcalde, Jesús M^a Fernández Portela.

